



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las medidas a adoptar para paliar las consecuencias que la sucesión de temporales desde el mes de noviembre está causando en el sector del mar.**

En los últimos casi cuatro meses, Galicia vive una situación excepcional debido a la gran acumulación de lluvias por la sucesión de temporales desde el mes de noviembre y sus consecuencias negativas para el sector del mar.

Más allá de todas las incidencias y problemas generales -averías, accidentes, roturas...- derivados de las fuertes lluvias y vientos, los sectores pesquero y marisquero se han visto especialmente afectados. Así, la flota en general ha tenido que amarrar durante semanas, sin poder salir a faenar; el sector marisquero, que aún no se había recuperado de las consecuencias de la mortalidad de marisco de 2023, tampoco ha podido regresar a los bancos marisqueros que en muchos puntos de nuestra costa están sufriendo un brutal descenso de la salinidad del agua y, de nuevo, una enorme mortalidad en bivalvos que afectará, como mínimo, a la producción de la actual campaña y también a la de la próxima; y el sector marisquero, además de no poder trabajar durante muchas jornadas, tendrá que hacer frente a los numerosos desperfectos en las bateas, e incluso en las embarcaciones, sobre todo por la acción del viento durante los temporales.

En definitiva, el sector del mar está viviendo una situación que en estos momentos es ya desesperada por las importantes pérdidas que está provocando a los trabajadores y las trabajadoras, que tienen la obligación de seguir pagando sus cotizaciones sociales y sufragar los gastos habituales de su actividad sin que dispongan de ingresos suficientes para afrontarlos y sin que, aún a día de hoy, exista una previsión de cuándo podrán volver a la normalidad.

Llama la atención que desde noviembre no se hayan registrado reacciones ni medidas de apoyo por parte de las distintas administraciones implicadas, pero ahora que las playas empiezan a verse cubiertas de miles de bivalvos muertos y que el sector pesquero lleva semanas de inactividad continuada, la respuesta de la administración es perentoria.



Así, la Consejería del Mar de la Xunta de Galicia, a pesar de tener plenas competencias para actuar, se limita ahora a demandar al Estado medidas de apoyo al sector del mar, sin haber previsto ninguna propia. Una negligencia que viene a ahondar en la falta de medidas en los últimos años que podrían haber servido para fortalecer el sector y, sobre todo, para prepararlo para situaciones como las que estamos viviendo de nuevo, medidas derivadas de las competencias exclusivas del Gobierno gallego en la materia.

Sin embargo, al margen de las competencias de la Xunta totalmente ignoradas y desatendidas, el Gobierno del Estado tiene también el deber de actuar en el ejercicio de su ámbito competencial. Así, el Consejo de Ministros adoptó la decisión de declarar Galicia zona afectada por emergencia de protección civil el pasado 10 de febrero, circunstancia que posibilita a los distintos Ministerios habilitar ayudas propias de sus ámbitos competenciales, como es el caso del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación en relación con el sector pesquero y marisquero gallego, especialmente afectado por la ola de temporales.

Efectivamente, es necesario hacer frente a las consecuencias del mal tiempo continuado desde noviembre y que aún persiste, dar la máxima cobertura social a las decenas de afectados y afectadas y evitar que continúe la sangría de pérdidas de empleo en el sector.

Las medidas inmediatas, sin embargo, deben ir acompañadas también de otras de calado que permitan avanzar y sentar las bases para comenzar una recuperación imprescindible y que también habrá que abordar con agilidad en cuanto se supere la situación de emergencia. Ahora el sector del mar gallego necesita una respuesta estructurada y complementaria a las medidas activadas por otras administraciones, que permita cubrir los daños no atendidos, apoyar a las personas, a las familias y entidades afectadas y evitar que asuman los costes en solitario.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hacen el Gobierno del Estado y el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de la afectación que están causando los sucesivos temporales y las intensas lluvias de los últimos meses en el sector del mar gallego?
2. ¿Ha realizado el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación una evaluación y cuantificación de los daños y pérdidas ocasionados en el sector del mar?
3. ¿Qué actuaciones y medidas va a poner en marcha el Ministerio para paliar las consecuencias de los temporales en el sector del mar gallego para paliar las



- consecuencias de los temporales y las lluvias intensas que se vienen produciendo desde el mes de noviembre?
4. ¿Considerará el establecimiento de la exención de las cuotas a la Seguridad Social al sector del mar gallego con efectos retroactivos desde el mes de noviembre?
 5. ¿Pondrá en marcha un plan de cobertura social para todas y todos los afectados, que incluya ayudas directas de emergencia que les permitan mantener unos ingresos mínimos y paliar los daños materiales en sus equipos de trabajo, al menos desde noviembre a febrero inclusive?
 6. ¿Pondrá a disposición de los armadores y autónomos del mar que lo necesiten, préstamos o líneas de crédito para inversiones que les permitan la viabilidad de su actividad?
 7. ¿Establecerá las medidas necesarias para garantizar una acción eficaz en la tramitación y justificación de las ayudas, especialmente en los casos de mayor gravedad y en los que la inactividad acumulada sea mayor en los últimos cuatro meses, estableciendo medidas de agilización, simplificación y transparencia en la coordinación y colaboración con los distintos subsectores?

Madrid, a 16 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 17:11:51

Entrada **100294**

Sobre as medidas para paliar as consecuencias da sucesión de temporais no sector do mar da Galiza

| | |
|-----------------|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás medidas a adoptar para paliar as consecuencias que a sucesión de temporais desde o mes de novembro está a causar no sector do mar.**

Nos últimos case catro meses, a Galiza vive unha situación excepcional debido á grande acumulación de chuvias pola sucesión de temporais desde o mes de novembro e as súas negativas consecuencias para o sector do mar.

Máis alá de todas as incidencias e problemas xerais -avarías, accidentes roturas...- derivados das fortes chuvias e ventos, os sectores pesqueiro e marisqueiro víronse especialmente afectados. Así, a frota en xeral tivo que amarrar durante semanas, sen poder saír a faenar; o sector marisqueiro, que aínda non se recuperara das consecuencias da mortalidade de marisco do ano 2023, tampouco puido volver aos bancos marisqueiros que en moitos puntos da nosa costa están a sufrir un brutal descenso da salinidade da auga e, de novo, unha enorme mortalidade nos bivalvos que afectará, no mínimo, á produción da campaña actual e a da vindeira tamén; e o sector miticultor, ademais de non poder traballar durante moitas xornadas, terá que facer fronte aos numerosos desperfectos nas bateas, e mesmo nos barcos, sobre todo pola acción do vento durante os temporais.

En definitiva, o sector do mar está a vivir unha situación que nestes momentos é xa desesperada polas importantes perdas que está a provocar para os

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 17:11:51

Entrada **100294**



traballadores e traballadoras, que teñen a obriga de seguir pagando as súas cotizacións sociais e sufragar os gastos habituais da súa actividade sen que dispoñan de ingresos suficientes enfrontalos e sen que, aínda a día de hoxe, exista unha previsión de cando poderán volver á normalidade.

Chama a atención que desde novembro non se rexistrasen reaccións ou medidas de apoio por parte das distintas administracións implicadas, mais agora que as praias comezan a verse cubertas de miles de bivalvos mortos e que o sector pesqueiro leva xa semanas de inactividade continuada, a resposta da administración é perentoria.

Así, a Consellaría do Mar da Xunta da Galiza, a pesar de ter plenas competencias para actuar, limitase agora a demandar ao Estado medidas de apoio ao sector do mar, sen ter prevista ningunha propia. Un desleixo que vén a afondar na falta de medidas dos últimos anos que poderían ter servido para afortalar o sector e, sobre todo, para preparalo para situacións como as que novamente estamos a vivir, medidas derivadas das competencias exclusivas do Goberno galego na materia.

Porén, á marxe das competencias da Xunta totalmente ignoradas e desatendidas, o Goberno do Estado ten tamén o deber de actuar no exercicio do seu ámbito competencial. Así, o Consello de ministros adoptou a decisión de declarar zona afectada por emerxencia de protección civil á Galiza o pasado día 10 de febreiro, circunstancia que posibilita que os distintos Ministerios habiliten axudas propias dos seus ámbitos competencias, como é o caso do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación co sector pesqueiro e marisqueiro galego especialmente afectado pola vaga de temporais.

Efectivamente, cómpre facer fronte ás consecuencias do mal tempo continuado desde novembro, que aínda persiste, dar a máxima cobertura social ás ducias de afectados e afectadas e evitar que continúe a sangría da perda de postos de traballo no sector.

As medidas inmediatas, no entanto, deben tamén ir acompañadas doutras de calado que permitan avanzar e sentar as bases para comezar unha recuperación



imprescindíbel e que haberá que abordar tamén con axilidade en canto se supere a situación de emerxencia. Agora o sector do mar galego precisa dunha resposta estruturada e complementaria ás medidas activadas por outras administracións, que permita cubrir os danos non atendidos, apoiar ás persoas, ás familias e entidades afectadas e evitar que soporten os custos desta en solitario.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración fai o Goberno do Estado e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación da afectación que están a causar os sucesivos temporais e as intensas chuvias dos últimos meses no sector do mar galego?
2. Realizou o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación unha avaliación e cuantificación dos danos e das perdas producidas no sector do mar?
3. Que actuacións e medidas vai pór en marcha o Ministerio para paliar as consecuencias dos temporais no sector do mar galego para paliar as consecuencias que os temporais e choivas intensas que se veñen producindo desde o mes de novembro?
4. Considerará o establecemento da exención das cotas da Seguranza Social ao sector do mar galego con efectos retroactivos desde o mes de novembro?
5. Porá en marcha un plan de cobertura social para todas e todos os afectados, que inclúa axudas directas de emerxencia que lles permitan manter uns ingresos mínimos e paliar os danos materiais nos seus útiles de traballo, cando menos desde o mes de novembro até febreiro incluído?



6. Porá a disposición dos armadores e autónomos do mar que o necesiten, préstamos ou liñas de crédito para investimentos que lles permitan a viabilidade da súa actividade?

7. Establecerá as medidas necesarias para garantir unha acción eficaz na tramitación e xustificación das axudas, especialmente nos casos de maior gravidade e nos que a inactividade acumulada sexa maior nos últimos catro meses, establecendo medidas de axilización, simplificación e transparencia en coordinación e colaboración cos distintos subsectores?

Madrid, a 16 de febreiro de 2026

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Néstor Rego Candamil', is centered on the page below the date.

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso